

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de maio de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Jose Manuel Couto Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTE:

D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día vinte e nove de maio de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(555).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 20 e 27 de marzo de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(556).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4146/2002 INTERPOSTO POR D. JESUS CABANAS GÓMEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE REPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 26.10.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acollemos parcialmente o recurso contencioso-administrativo do procurador Sr. López Valcarcel, no nome de d. Jesús Cabanas Gómez contra a desestimación –por silencio- da reclamación que presentara o 26.01.2001 ante o Concello de Vigo, anulándoo por contrario a dereito e condenando a indemizalo coa cantidade de 625,05 euros mailos xuros percibidos dende o 26.01.01. Non se fai declaración de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos departamentos de Intervención e Patrimonio e Contratación para o seu cumprimento.

3(557).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 8374/2004 INTERPOSTO POLA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DA RECLAMACIÓN DE ABOAMENTO DE CANTIDADES EN RELACIÓN COA FINCA Nº 2 EXPROPIADA POLA OBRA DE AMPLIACIÓN DA CIDADE UNIVERSITARIA, II FASE. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.03.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo número 8374/2004, interposto pola representación procesual da Entidade Local Menor de Bembrive fronte á desestimación por silencio da reclamación administrativa formulada o 7 de xullo de 2004 ao abeiro do disposto no art. 29.1 da LXCA ante o Concello de Vigo pola que se interesaba adoptase as medidas oportunas a fin de abonar á Entidade Local Menor de Bembrive a cantidade de 440.127,67 euros – detraídas as cantidades correspondentes ao depósito previo á ocupación – correspondente ao límite en que existe conformidade entre a Administración expropiante e a Entidade Local Menor de Bembrive en relación coa finca nº 2 expropiada con motivo da obra “Ampliación cidade Universitaria II Fase”, no t.m. de vigo, así como a cantidade que corresponda en concepto de xuros de mora; en consecuencia se anula por non ser conforme a dereito e se condea á administración demandada a que aboe a dita recorrente a cantidade que se establece no FX Cuarto desta resolución; sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

4(558).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 72/05 INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DEL MERCADO DEL PROGRESO EN RELACIÓN CON ACORDO PLENARIO SOBRE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 13.03.06 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso de Vigo fronte ao Concello de Vigo, en que figura como interesada a Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, contra o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 26.07.04 desestimatorio de recurso de reposición fronte ao do Pleno de 31.03.03, polo que se adjudicaba á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso a concesión da xestión do servizo do Mercado El Progreso de Vigo a fin de levar a execución a sentenza do TS recaída no r.c.a. 5124/1997 interposto pola recorrente e o Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG sobre a adjudicación da concesión de xestión do citado mercado, ao entender que se dirixe fronte a un acto de execución dunha sentenza firme sobre cuxas consecuencias ha de resolver, no seu caso, o órgano xurisdiccional sentenciador no correspondente incidente de execución.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

5(559).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 220/04 INTERPOSTO POR GARCIVENTA S.L. CONTRA ACORDO PLENARIO DESESTIMATORIO DE REPOSICIÓN CONTRA OUTRO SOBRE RECUPERACIÓN DE OFICIO DUNHA PARCELA MUNICIPAL EN PUXEIROS. ESTIMADO.

Dáse conta do sentenza de data 13.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra acordo do Pleno do Concello de Vigo de 28.06.04 desestimatorio de recurso de reposición interposto polo recorrente contra o acordo plenario de 24.11.03 polo que se exerceu acción de recuperación de oficio da posición da propiedade municipal sita na Subida al Cementerio s.n, ante a súa ocupación ilícita pola entidade recorrente, concedéndolle a Garci Venta S.L., o prazo dun mes para o desaloxo da propiedade municipal repoñendo o camiño perimetral que bordea o muro de peche do Cemiterio de Puxeiros ao seu estado anterior. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Gonzalo Vila García fronte ao Concello de Vigo, contra a Resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito e se anula, con expresa declaración da facultade da Administración municipal de acudir aos Tribunales Ordinarios para o exercizo da acción posesoria que se pretendía no acto impugnado, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

6(560).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 262/2006 INTERPOSTO POR Dª. MARIA HERMIDA ALVAREZ CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO DESESTIMATORIA DE RECURSO SOBRE IMPOSTO INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 27.02.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso de apelación interposto pola representación procesual de María Hermida Alvarez contra a sentenza de data 24 de abril de 2003 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, e en consecuencia confirmamos a sentenza apelada. Con expresa imposición das custas da apelación á parte apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

7(561).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 425/05 INTERPOSTO POR Dª. ELISA ROSENDO ESTÉVEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta do auto de data 2.05.06 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución de 19.09.05 desestimatoria da reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada pola Sra. Rosendo Estévez ante o Concello en data 23.01.04 a fin de que se lle indemnizara polos danos e perdas sufridos o día 16.09.03 cando caminaba pola rúa Pi y Margall ao introducir o pé nunha baldosa rota e en mal estado. A Sentenza falla o seguinte:

Con estimación parcial do presente recurso contencioso-administrativo núm.: PA 425/05 interposto por Elisa Rosendo Estévez fronte ao Concello de Vigo contra a resolución arriba indicada, se declara contraria a Dereito e a condeá ao Concello a aboarlle á actora a cantidade de 1.531,20 euros, máis os xuros legais devengados por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa (23.01.04), sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos servizos de Patrimonio e Contratación e Intervención- Fiscalización.

8(562).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 110/2004 INTERPOSTO POR GIMNASIOS PAZOS S.A. EN RELACIÓN CON RESOLUCIÓN DO IMD SANCIONADORA POR INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS CONTRACTUAIS NA XESTIÓN DAS PISCINAS MUNICIPAIS.DESESTIMADO.

Dáse conta do sentenza de data 10.04.06 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta do recurso de reposición interposto por Gimnasios Pazos s.a. contra a resolución do Instituto Municipal dos deportes de Vigo de 15.09.03 pola que se lle impón unha sanción de 20.000 euros de multa por falla muy grave prevista na letra c) do número 3 da Cláusula XX do Prego de condicións particulares, por incumprimento grave das obrigas contractuais esenciais como é a suspensión dos servizos en perxuizo dos usuarios, desprestixio da Administración e perda de ingresos nos presupostos do IMD; 13.264,83 euros de indemnizaición en concepto de danos e perdas; todo iso con cargo ás facturacións pendentes de cobro por parte da empresa. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Gimnasios Pazos s.A. fronte ao Concello de Vigo en P. Ordinario número 110/04, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Instituto Municipal dos Deportes para o seu coñecemento.

9(563).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO P.O. Nº 73/05 INTERPOSTO POR JC DECAUX ESPAÑA S.L. EN RELACIÓN COA DENEGACIÓN DE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE SOPORTES PUBLICITARIOS EN PARCELA DA AVDA. GRAN VÍA. DESESTIMADO.

Dáse conta do sentenza de data 27.03.06 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 30.12.04, dictada no expediente número 43.670/421, pola que se denega a JC Decaux España S.L., a licenza solicitada para a instalación de oito soportes publicitarios nunha parcela situada no número 75 da Avenida Gran Vía. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo formulado pola representación de JCDECAUX ESPAÑA S.L. fronte ao Concello de Vigo, no P.O. 73/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

10(564).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4051/2003 INTERPOSTO POR AUREA DOMONTE VILLAR EN RELACIÓN CON ACORDO QUE DECLARA CONTRARIAS AO PLANEAMENTO AS OBRAS REALIZADAS POLO ACTOR E ORDENA A SÚA DEMOLICIÓN. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 12.04.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso de apelación 000451/2003 interposto por Aurea Domonte Villar contra sentenza de data 21.11.02 dictada no procedemento PO 0000320/2001 polo Xulgado do Contencioso nº 001 de Vigo, sobre desestimación do recurso interposto contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o acordo de 8.03.01, condenando expresamente á parte apelante ao pagamento das custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

11(565).- SENTENZA TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4036/2003 INTERPOSTO POR D. MANUEL RAÑA RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO CONTRA PROVIDENCIA DE APREMIO POR IMPAGO DE MULTAS DE EXPTE. SANCIONADOR 5926/423. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 6.04.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso de apelación 0004036/2003 interposto contra sentenza de data 6.11.02 dictada no procedemento PO 000017/2002 polo Xulgado do Contencioso nº 001 de Vigo sobre desestimación do recurso interposto contra providencia de apremio do Concello de Vigo de 7.09.02, por impago de multas de Expte. Sancionador 5936/423, condenando expresamente á parte apelante ao pagamento das custas procesuais desta alzada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

12(566).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 162/2002 INTERPOSTO POR SERAGUA FCC SA.UTE CONTRA RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA DESESTIMATORIA DE RECURSO CONTRA OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA HIDRÁULICA Á SOCIEDADE TOPO 2000 S.L. PARA APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO RÍO OITAVÉN. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 23.01.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Declarar a inadmisibilidade sobrevida do presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de SERAGUA FCC S.A UTE fronte á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia en que figuran como interesados o Concello de Vigo e a empresa TOPO 2000 S.L. por carencia de obxecto.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

13(567).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA ORGANIZAR A 42ª EDICIÓN DO RALLY RÍAS BAIXAS PARA AUTOBOMILISTAS FEDERADOS, OS DÍAS 2,3 E 4 DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 6172/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.05.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Rías Baixas a organizar os vindeiros días 2, 3 e 4 de xuño de 2006 a 42ª edición do Rally Rías Baixas para automobilistas federados, así como o percorrido polas estradas pertencentes o concello de Vigo para dirixirse os tramos da carreira e a volta o parque pechado do recinto feiral do IFEVI.

14(568).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA REALIZAR UN TEST PARA OS PILOTOS PARTICIPANTES NO 42 RALLY RÍAS BAIXAS O 2 DE XUÑO NA ZONA DE BEMBRIVE. EXPTE. 6173/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.05.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Rías Baixas a organizar o vindeiro día 2 de xuño de 2006 un test unicamente para os pilotos participantes no 42 Rally Rías Baixas que está previsto se desenvolva nun tramo de aproximadamente 4 km. nunha zona próxima a capela de San Cibrao en Bembrive entre as 8:00 h e as 12:30 h.

15(569).- SOLICITUDE DO CLUB DE ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL PARA ORGANIZAR A PROBA “I MILLA POPULAR PRAIA DE SAMIL” O 11 DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 6174/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.05.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o club de atletismo Veteranos de Samil a organizar o vindeiro día 11 de xuño de 2006 a proba deportiva denominada "I Milla Popular Praia de Samil", que está previsto se desenvolva no areal da praia de Samil con un percorrido entre a cafetería Jonathan e as instalacións deportivas municipais do IMD, entre as 10:00 h. e as 14:00 h.

16(570).- SELECCIÓN DOS 15 BENEFICIARIOS TITULARES E 15 SUPLENTES DO ITINERARIO DE EXPERTO EN LIMPEZA DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3753/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.05.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro ("planchado") e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse as fases das que consta o procedemento de selección (achégase copia).

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de "Experto/a en limpeza" dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as seguintes listaxes definitivas de titulares e suplentes:

BENEFICIARIOS/AS TITULARES DO ITINERARIO DE EXPERTO/A EN LIMPEZA

	APELIDOS E NOME	DNI
1	CARRO MARTÍNEZ, TANIA MARÍA	53.187.601-D
2	FERREIRO MOURE, MA. TERESA	36.062.680-Z
3	GÓMES RODRÍGUES, DANIELA ALEXANDRA	X-4.256.516-K
4	GARCÍA GONZÁLEZ, MA. ELENA	36.036.383-Y
5	MIJARES MENDOZA, BELGICA MARÍA	X-6.815.607-V
6	PÉREZ GAMALLO, CINTIA	36.177.379-N
7	CASTRO FERNÁNDEZ, LUCIANO JESÚS	36.009.855-C
8	RODRÍGUEZ BALBOA, CARLOS LIONEL	X-4.873.750-G
9	BALAYO COSTAL, ANTONIA	36.060.081-Z
10	GONZÁLEZ ESTÉVEZ, MA. ARACELI	36.057.771-G
11	MARTÍNEZ GARCÍA, MA. ELENA	35.557.444-L
12	MOLDES CANCELAS, BERTA	76.811.093-V

13	NEVES ALONSO, MA. CECILIA	76.903.990-V
14	LAISECA CASTRO, SOLEDAD	36.060.365-E
15	GONZÁLEZ PÉREZ, MA. ESTRELLA	76.915.584-L

SUPLENTES DO ITINERARIO DE EXPERTO/A EN LIMPEZA

	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>
1	HERNÁNDEZ, ELIZABETH	X-5.876.523-T
2	GARZÓN RAMOS, EMILIO	36.060.916-K
3	SALGUEIRO FILGUEIRA, RICARDO	36.083.348-M
4	PARADA CARTELLE, JUAN CARLOS	53.180.470-P
5	PÉREZ RIAL, JOSEFA	36.088.082-R
6	GARCÍA RODRÍGUEZ, CARMEN LETICIA	36.150.825-T
7	BOUZA MARTÍNEZ, MILAGROS	36.098.994-B
8	GONZÁLEZ MARTÍNEZ, ROSA MA.	36.104.451-V
9	PIÑEIRO REGUEIRA, MARINA	36.154.434-K
10	FLORES BLANCO, MANUELA	36.005.541-F
11	COLLAZO PÉREZ, ALEJANDRO	36.051.260-W
12	LAFUENTE LÓPEZ, JUAN ANTONIO	77.406.826-H
13	LÓPEZ LORENZO, DAVID	36.166.912-X
14	PINO PARADA, FERNANDO	76.998.059-Q
15	CASTRO FARIÑA, SERGIO	36.150.307-B

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(571).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS DURANTE O EXERCIZO 2006. EXPTE. 1892/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.05.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Animación Sociocultural, do 10.05.06, conformado polo concelleiro de dito Servizo e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais CIF.: G-36.791.291 para a programación de actividades socioculturais durante o exercicio 2006.

2º.- Facultar ó Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 12.000 €, a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais CIF.: G-36.791.291, en concepto do estipulado no convenio.

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELO DE VIGO-AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI DURANTE O EXERCICIO 2006

Vigo, maio de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

Doutra parte, D. JOSE LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI CIF: G- 36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, en representación de esta.

MANIFESTAN

Que a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI con número de inscrición 386/95 no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento das actividades de carácter cultural, cívico e social que se indican na cláusula quinta.

SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2006, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI coa colaboración do Concello de Vigo.

TERCEIRA.- As actividades obxecto do presente convenio serán as seguintes:

- a) SEMANA DE TEATRO AFECCIONADO: Certeme destinado a tódolos grupos de teatro afeccionado de Vigo que terá lugar en novembro de 2006.*
- b) PROXECTO DE DINAMIZACIÓN CULTURAL “VENTE CON NOS”. Proxecto de actividades culturais diversas nas entidades federadas na agrupación o longo do ano 2005.*

Os presupostos de ámbolos dous proxectos presentados pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ascenden a un importe de 12.000 euros (DOCE MIL EUROS) con tódolos conceptos e impostos incluídos.

Achéganse os programas e presupostos dos anteditos proxectos como anexo I do convenio.

CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servicios ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....

Por este motivo, propóralle a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.

QUINTA.- As obrigas que asume a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS son as seguintes:

- 1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo ós proxectos presentados e que figuran como anexos .
- 2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.
- 4.- Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.
- 5.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na

Lei de Ruidos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

- 6.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
- 7.- Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.
- 8.- Editar e distribuir o material gráfico da programación que figura no convenio. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis, cabaleta con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.
- 9.- Realizar a programación segundo o proxecto e presupostos presentados e que figuran no anexo I.
- 10.- Presentar unha memoria, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:
 - * Denominación da actividade.
 - * Programación realizada.
 - * Número de asistentes.
 - * Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.
 - * Parte de incidencias.
 - * Balance económico: relación de ingresos e gastos.
- 11.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa.

12.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ou de Participación Cidadá, segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- O Concello de Vigo realizará unha aportación económica de 12.000 euros con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural a favor da AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS CIF.: 36.791.291, unha vez rematada a execución dos dous proxectos mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578.

Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria das actividades correspondentes (segundo o estipulado na cláusula quinta apartado 11); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- O Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

18(572).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORAICÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O ANO 2006. EXPTE. 1893/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.05.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 10.05.06, conformado polo xefe de Participación Cidadá, a delegada de Participación Cidadá, o concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para a programación de actividades socioculturais durante o exercicio 2006.

2º.- Facultar á delegada de Participación Cidadá e mailo Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 27.286 €, a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36704666, en concepto do estipulado no convenio, con cargo ás seguintes partidas dos programas presupostarios para o vixente exercicio:

463.1.489.00.01	Participación Cidadá	12.036.-
451.2.489.00.00	Festas e Animación Sociocultural	15.250.-

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O EXERCICIO 2006

Vigo, maio de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. MARTA IGLESIAS BUENO, delegada do área de Participación Cidadá e D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G - 36704666, con enderezo en Vigo na praza Galegos Ilustres, CP 36203, e en representación desta.

MANIFESTAN

Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que en anos anteriores se estableceron convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”; realizan ligas de xogos sociais e organizan os actos do Magosto. O resultado acadado en todos os casos foi satisfactorio para ambas partes.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento das actividades de carácter cultural, cívico e social que se indican na cláusula quinta.

SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2005, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” coa colaboración do Concello de Vigo.

TERCEIRA.- As actividades obxecto do presente convenio financiaranse, de acordo cos presupostos presentados pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e que ascenden a un importe total de 41.600 € (corenta e un mil seiscientos) con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o seguinte.

a) Con cargo ós presupostos do Concello: 27.286 €.-

463.1.489.00.01	Participación Cidadá	12.036 €
451.2.489.00.00	Festas e Animación Sociocultural	15.250 €

b) Con cargo a FPR “El Olivo”: 10.314 €

c) Ingresos por outros conceptos (ventas, publicidade...) 4.000 €

As cantidades que achega o Concello aplicaranse como segue:

Con cargo á Concellería de Participación Cidadá:

* XXII Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa	4.000 .-
* Festa das peñas	2.500 .-
* Edición da revista Anuario	2.500.-
* Gastos de xestión (administración, aluguer...)	3.036.-

Con cargo á Concellería de Festas e Animación Sociocultural:

* Magosto 2006	8.250 .-
* Circuitos culturais	7.000.-

CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servizos ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....

Por este motivo, a FPR “ El Olivo” proporalle ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” son as seguintes:

1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo ós proxectos presentados e que figuran como anexos .

2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.

4.- Editar o material gráfico da programación que figura no convenio e a súa distribución. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis, cabaleta con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.

5.- A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e da concelleira de Participación Cidadá. Na contraportada do libro figurará “patrocinado polo Concello de Vigo-Concellería de Participación Cidadá” co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista. As probas de prelo previas á impresión do libro presentaranse na Concellería de Participación Cidadá para a súa conformidade.

6.- Realizar a seguinte programación segundo os presupostos presentados:

- * XXII Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa.
- * Festas das peñas.
- * Edición da revista.
- * Gastos de xestión (administración, aluguer,...)
- * Agosto 2006.
- * Circuitos culturais.

7.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

8.- Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídos pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” dentro do período de vixencia do presente convenio.

9.- Presentar unha memoria parcial, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

- * Denominación da actividade.
- * Programación realizada.
- * Número de asistentes.
- * Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.
- * Parte de incidencias.
- * Balance económico: relación de ingresos e gastos.

10.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa.

11.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e da Federación de Peñas, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ou de Participación Cidadá, segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- O Concello de Vigo realizará o pagamento do importe estipulado na cláusula terceira segundo o seguinte detalle:

- 1.- Un primeiro pagamento por importe de CATRO MIL (4.000.-) correspondente ó XXII trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 2.- Un segundo pagamento por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á “Festa das Peñas”, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 3.- Un terceiro pagamento por importe de TRES MIL TRINTA E SEIS EUROS (3.036.-), correspondente ós gastos de xestión, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*
- 4.- Un cuarto pagamento por importe de OITO MIL DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS (8.250.-), correspondente ó Magosto 2006, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 6.- Un quinto pagamento por importe de SETE MIL EUROS (7.000.-), correspondente ós circuítos culturais, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 7.- O resto do importe do convenio por DOS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á edición da revista, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o vixente exercicio.*

En todos os casos, os pagamentos aboaranse mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0020.13.004.0023628, domiciliada en Caixanova, e da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”. Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria da actividade correspondente (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado noveno e décimo); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- A concelleira de Participación Cidadá e mailo de Festas e Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

19(573).- NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS, REDES E COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2371/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da concelleira delegada de Informática, do 24.04.06, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte normativa de susos de recursos informáticos do Concello de Vigo:

Normativa de uso dos recursos informáticos do Concello de Vigo.

Exposición de motivos

- I. *As Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós, son fundamentais como ferramentas de xestión e de uso cotián en tódolos ámbitos do Concello. Os recursos informáticos e as redes de comunicación, soportadas pola Area de Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós (actualmente Servizo de Informática e Comunicaciós), precisan dunhas normas que regulen o seu uso e sirvan de marco normativo que delimite as competencias, dereitos e deberes dos usuarios.*
- II. *As competencias da Area de Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós do Concello de Vigo, abranguen todo o relativo o tratamento da Información almacenada en ficheiros automatizados, as infraestructuras de comunicaciós, o material informático, os programas de servizo e aplicaciós informáticas, as novas tecnoloxías (internet, Intranet, Correo electrónico..), a regulamentación xeral das páxinas web do Concello e organismos autónomos, e a seguridade e protección dos datos.*
- III. *O obxectivo desta normativa é que os recursos informáticos municipais sexan usados de xeito eficiente, eficaz e seguro, para permitir unha mellor xestión interna que redunde na mellora da atención ós/ás cidadáns e no cumprimento da lexislación vixente.*
- IV. *Trátase de evitar, con esta normativa, que usos indebidos dos recursos informáticos provoquen perxuizos, tales coma conxestión das comunicaciós ou dos servidores, entrada de virus, alteración ou destrución da información, acceso a mesma de persoal non autorizado e outros sucesos que poidan afectar gravemente o desenvolvemento das actividades propias do Concello de Vigo relacionadas cos Sistemas de Información e das Comunicaciós.*

NORMATIVA

a) Ámbito de aplicación

- 1.1 *Estas normas son de aplicación a tódolos usuarios de calquera recurso do Sistema de Información do Concello.*
- 1.2 *Defínese como Sistema de Información o conxunto de ficheiros automatizados, programas, soportes, redes, servizos e equipos, empregados para o almacenamento e tratamento da Información do Concello de Vigo.*
- 1.3 *Defínense como usuarios aqueles empregados do Concello, dos Organismos Autónomos e outro persoal autorizado, que utilicen recursos informáticos do Concello.*
- 1.4 *Enténdense por recursos informáticos do Concello, calquera dos compoñentes do Sistema de Información no seu ámbito físico (redes de voz e datos, ordenadores tanto persoais como servidores, impresoras, escaners, aparatos multifunción, teléfonos, faxes, equipamento de redes, etc), ou lóxico (sistemas operativos, bases de datos, Información Corporativa, programas de utilidade, aplicaciós, ofimática, Sistemas de Información Xeográfica, páxinas web, correo electrónico, acceso a internet, intranet etc).*

- 1.5 *O Concello de Vigo é propietario de toda a información residente nas Bases de Datos Corporativas, e de aquela xerada polos empregados do Concello e Organismos Autónomos no desempeño das súas funcións.*
- 1.6 *Esta normativa afecta a tódolos usuarios e servizos proporcionados dende calquera servidor emprazado dentro da rede do Concello de Vigo, non só ós administrados directamente polo Servizo de Informática.*

b) Dereitos dos usuarios

- 1.7 *Os usuarios teñen dereito a dispoñer de acceso ós recursos informáticos do Concello que sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.*
- 1.8 *Na súa actividade cotián, os usuarios terán dereito á intimidade e o segredo das comunicacións. Non obstante o Concello de Vigo establecerá os mecanismos pertinentes para poder identificar, en caso necesario e de acordo coa lexislación vixente, os terminais que están actuando a través da rede, gardando un ficheiro histórico das actuacións realizadas polos usuarios.*
- 1.9 *Os usuarios terán dereito ó soporte técnico por parte dos Servizos Informáticos durante o horario establecido e en función dos recursos dispoñibles. As aplicacións ou programas non instalados polo Servizo de Informática, non terán soporte técnico do servizo, neste caso calquera tipo de soporte debe ser negociado previamente.*

c) Deberes dos usuarios

- 1.10 *Os usuarios son responsables dos recursos informáticos que o Concello pon a súa disposición para o desenvolvemento do seu traballo.*
- 1.11 *Utilizarán os recursos informáticos exclusivamente para o desenvolvemento das actividades e funcións que lle son propias, non permitíndose o seu uso para fins privados, comerciais ou de lecer.*
- 1.12 *Deberán utilizar exclusivamente os programas e os servizos proporcionados ou autorizados polo Servizo de Informática. Os usuarios non poderán instalar nin desinstalar pola súa conta ningún outro programa ou servizo. Calquera instalación ou desinstalación de programas deberá contar ca autorización do Servizo de Informática.*
- 1.13 *Terán especial coidado en canto a seguridade no ordenador que teñan asignado, vixiando o correcto funcionamento dos programas antivirus instalados, e informando de calquera incidencia sobre o mesmo ó Servizo de Informática.*
- 1.14 *Non farán ningunha alteración nin manipulación na configuración estándar dos recursos, sen autorización do Servizo de Informática.*
- 1.15 *Deberán coñecer e respectar as normas legais de carácter xeral aplicables ó uso das tecnoloxías da información e das comunicacións como son a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, a Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou a Lei de Propiedad Intelectual (RDLex.1/1996, do 12 de abril) e calquera outra que puidera aplicarse dentro do ordenamento xurídico vixente. O Servizo de Informática proporcionará acceso sinxelo á citada lexislación a través da Intranet municipal.*
- 1.16 *A conexión de calquera dispositivo á rede municipal deberá contar ca autorización expresa do Servizo de Informática.*
- 1.17 *O persoal do Servizo de Informática, ou ca súa autorización, poderá, no desempeño das súas funcións, acceder ós recursos asignados ós usuarios cando así o requira a tarefa a realizar.*

d) *Protección dos dereitos*

1.18 *O Concello de Vigo vixiará especialmente para que os recursos informáticos do Concello non se usen para fins que:*

- a) *Inciten ó uso da violencia ou á participación en actividades delictivas.*
- b) *Supoñan discriminación social, relixiosa, étnica, cultural, política, sexual ou por discapacidade física ou psíquica.*
- c) *Atenten contra os dereitos dos menores.*
- d) *E, en xeral, supoñan unha violación da legalidade vixente.*

1.19 *O Concello de Vigo porá o máximo empeño en manter os dereitos individuais dos usuarios e a preservación dos dereitos e as liberdades fundamentais, tutelando a vida privada, os datos persoais e o segredo epistolar, dentro do marco do ordenamento xurídico.*

e) *Utilización dos recursos informáticos*

1.20 *O Concello de Vigo pon a disposición dos usuarios os seus recursos informáticos, realizando a asignación concreta dos mesmos en función dos medios dispoñibles e das necesidades reais.*

1.21 *O uso dos recursos deberá ser solicitado polo responsable do Servizo afectado ó Servizo de Informática.*

1.22 *O uso da Información Corporativa por un usuario, será sempre a través dos sistemas asignados polo servizo de Informática.*

1.23 *Se un servizo municipal desexase incorporar novos recursos informáticos, tales como infraestructuras, aplicacións, dispositivos de rede etc. deberá solicitar un estudio previo o Servizo de Informática, co fin de valorar a idoneidade do proxecto, homoxeneizar os sistemas e prever problemas de seguridade.*

1.24 *Cando un usuario pon a disposición dun grupo de usuarios calquera información propia, será necesario respectar os dereitos de autor e de propiedade intelectual, segundo a lexislación vixente.*

1.25 *Na cesión de recursos informáticos, o Concello de Vigo actúa de boa fe e non se fai responsable directamente ou subsidiariamente de calquera reclamación que poida derivarse da súa calidade, fiabilidade ou exactitude, nin dos seus contidos.*

1.26 *Os recursos informáticos deben utilizarse de tal xeito que non poñan en perigo a seguridade informática do Concello.*

1.27 *Os usuarios son completamente responsables de tódalas actividades realizadas coas súas contas de acceso ós recursos e co seu buzón de correo, polo que terán especial coidado en manter o segredo das contrasinais, e en cambialas periodicamente.*

1.28 *O Concello de Vigo non se fai responsable directa nin subsidiariamente das opinións expresadas polos usuarios nos espazos de debate público en liña que se cren.*

1.29 *O uso concreto de certos recursos poderá ter una regulamentación específica, de acordo con esta normativa xeral.*

f) *Actividades prohibidas.*

1.30 *Dentro do ámbito desta normativa, quedan prohibidas as seguintes actividades:*

- 1) *Transmisión abusiva de información que provoque congestión dos recursos ou que perxudique á utilización dos mesmos por outros usuarios.*
- 2) *A conexión de dispositivos á rede sen autorización expresa do Servizo de Informática.*
- 3) *Introducir na rede virus ou outros programas maliciosos con calquera fin.*
- 4) *A manipulación da configuración dos recursos informáticos*
- 5) *A instalación e uso de programas e servizos non autorizados polo Servizo de Informática.*
- 6) *A desinstalación de programas e servizos proporcionados polo Servizo de Informática sen autorización expresa do mesmo.*
- 7) *Acceder sen autorización ou por medios non autorizados, manipular ou danar calquera recurso informático do Concello de Vigo.*
- 8) *Os intentos e os accesos sen autorización, a información protexida legalmente ou que se requira autorización expresa para acceder a ela.*
- 9) *O uso de información corporativa para outro fin que non sexa o permitido como usuario autorizado dos recursos informáticos.*
- 10) *A manipulación fraudulenta de Información Corporativa.*
- 11) *A intrusión non autorizada, modificación ou destrución da información doutros usuarios.*
- 12) *A suplantación doutros usuarios no acceso ós recursos informáticos.*
- 13) *A comunicación a terceiros das contrasinais de acceso ós recursos informáticos.*
- 14) *O uso dos recursos informáticos para fins privados ou persoais, de lecer ou comerciais, alleos ás actividades propias do Concello de Vigo*
- 15) *Realizar actividades ilícitas de calquera tipo, en especial a difusión de contidos de carácter racista, pornográfico, sexista, xenófobo, de apoloxía do terrorismo, en contra dos dereitos humanos, da dignidade das persoas, do dereito a intimidade e o honor.*

1.31 *A realización de actividades prohibidas poderá revestir o carácter de leve, grave ou moi grave.*

1.32 *Terá o carácter de leve a realización de calquera actividade prohibida nesta normativa que non poida considerarse como grave ou moi grave.*

1.33 *Será considerada grave:*

- a) *A realización de calquera actividade prohibida nesta normativa cando, como consecuencia dela, se cause un perxuízo grave ó funcionamento dos recursos informáticos ou a outros usuarios.*
- b) *A reiteración na realización de actividades prohibidas consideradas como leves logo dos correspondentes requirimentos por parte do Servizo de Informática*

1.34 *Terá o carácter de moi grave:*

- a) *A reiteración na realización de actividades prohibidas consideradas como graves logo dos correspondentes requirimentos por parte do Servizo de Informática.*
- b) *A realización dalgunha actividade prohibida que implique ó Concello de Vigo nalgún tipo de responsabilidade.*

g) *Medidas de reacción.*

1.35 *Co fin de poder preservar o bo funcionamento dos recursos e facer fronte con carácter inmediato ós eventuais perxuízos causados pola realización de actividades prohibidas, prevese a adopción dunha serie de medidas de reacción, urxentes e de carácter temporal, que serán determinadas, de acordo con esta normativa. As medidas de reacción aplicaranse atendendo ás circunstancias concretas do caso, en especial, á natureza dos perxuízos causados e a criterios de intencionalidade e reincidencia, e serán dictaminadas polo Concellal Delegado da Area, a proposta do responsable do Servizo de Informática.*

1.36 *As medidas de reacción poderán consistir en:*

- 1) *Suspensión temporal do acceso os recursos informáticos.*
- 2) *Precinto, depósito ou incautación de rexistros, soportes e arquivos informáticos e de documentos en xeral, así como de aparellos e equipos informáticos de todo tipo.*

No prazo máximo de un mes, e tralos trámites legais previstos no Título VI da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en especial o dereito de audiencia e o dereito a presentación de probas, dictarase resolución definitiva polo Concellal Delegado da Area, adoptando, no seu caso, calquera das anteriores medidas ca duración que se indica no seguinte parágrafo.

1.37 *As medidas fronte a actividades prohibidas consideradas como leves poderán consistir na suspensión temporal do servizo afectado de ata tres meses, as graves de tres meses a un ano e as moi graves na retirada definitiva do servizo.*

1.38 *A aplicación destas medidas non exclúe, en ningún caso, a responsabilidade disciplinaria, civil, penal e administrativa en que o usuario poida incorrer como consecuencia da realización das actividades prohibidas descritas, reservándose nestes casos o Concello de Vigo a posibilidade de exercer tanto a súa potestade disciplinaria como as accións legais que considere oportunas.*

Disposición final:

1. *A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta normativa que afecten ás materias reguladas no mesmo determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da normativa.*
2. *Esta normativa entrará en vigor, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.*

20(574).- BASES PARA O CONCURSO DE IDEAS DO PROGRAMA DE ANIMAICÓN SOCIOCULTURAL NA CONVOCATORIA 2006-2007 DA CONCELLERÍA DA MULLER. EXPTE. 2431/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.05.06 e de acordo co informe-proposta da técnica do Departamento da Muller, do 18.05.06, conformado pola concelleira delegada da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria do “Concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006/2007 da Concellaría da Muller , que de seguido se transcriben, así como os anexos obrantes no expediente.

2º.- Convocar o antedito concurso de ideas e publicar o anuncio na prensa local e no Boletín Oficial da Provincia.

*BASES DO CONCURSO DE IDEAS PARA A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E
ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA DE FORMACIÓN E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NA CONVOCATORIA
2006/2007 DA CONCELLARÍA DA MULLER*

Esta actividade consiste nun programa de formación e animación sociocultural que a concellaría da muller en colaboración coas asociacións de mulleres de ámbito parroquial ou de barrio de Vigo ofrece ás mulleres adultas de Vigo no periodo de outubro de 2006 a xuño de 2007 nos locais das propias asociacións adheridas.

O aprovisionamento de programas e do persoal que os execute realizarase seguindo as seguintes fases:

- Convocatoria do concurso de ideas no que as persoas interesadas presentarán as súas propostas.*
- Selección das propostas, de acordo cos criterios de selección da cláusula sexta das bases, pola comisión de selección e seguemento do programa, constituída de acordo coas especificacións da cláusula quinta das bases.*
- Oferta das actividades seleccionadas ás asociacións da muller adheridas ao programa e selección por estas das que se realizarán en cada asociación e cuatrimestre.*
- Adxudicación dos proxectos segundo as prioridades establecidas polas asociacións e vocalías da muller.*
- Contratación dos proxectos seleccionados ao abeiro dos art. 201 ou 210 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos ao non poder exceder o contrato dunha contía de 30.050,61 €.*
- Desenvolvemento da actividade e da avaliación do programa.*

As destinatarias destas intervencións son as mulleres adultas de Vigo, que se matriculan nas vogalías ou asociacións de mulleres adheridas ao programa.

Có obxecto de iniciar o a primeira fase do programa, convócase o concurso de ideas para seleccionar os proxectos de actividades e monitoraxes que se impartirán no programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006/2007 da Concellería da Muller , de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- Este programa enmárcase nos obxectivos do “III Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007” aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 10 de outubro de 2005, e especificamente a finalidade do programa persegue:

1º.- A preparación e formación das mulleres naquelas tarefas e habilidades tradicionalmente realizadas por homes para conquistar a igualdade real na vida cotiá.

2º.- O fomento do emprego a través da selección dos proxectos e a contratación de monitoras/es e animadoras/es socio-culturais

3º.- A adquisición de habilidades sociais, coñecementos e hábitos de vida saudables.

4º.- A promoción da participación social das mulleres do movemento veciñal e cultural de Vigo

A metodoloxía empregada propiciará, desde unha perspectiva de xénero, a participación das alumnas, o traballo en grupo e uso do galego como lingua de relación.

5º.- Divulgación do programa

SEGUNDA.- Poderán presentar ofertas para a participación neste concurso de ideas as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades veciñais, culturais e deportivas que teñan, pola súa finalidade ou actividade, relación directa co obxecto do programa e dispoñan da cualificación e organización suficiente, con elementos persoais e materiais axeitados, para a súa debida realización.

TERCEIRA.- No marco do “III Plan municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007”, as actividades e/ou proxectos que se presenten ao concurso versarán necesariamente sobre algunha ou a totalidade das seguintes materias ou lotes:

1º.- Formación para acadar a igualdade real na vida cotiá: mecánica, fontanería,electricidade, pequenas reparacións domésticas, etc

2º.- Formación persoal e artística. Non se admitirán proxectos de manualidades textiles nen os relacionados directamente cos traballos domésticos tradicionalmente realizados polas mulleres: habilidades sociais, idiomas, informática, fotografía, superación de conflitos, técnicas e habilidades para facilitar o acceso ao emprego e/ou fomentar o autoemprego feminino, etc.

3º.- Formación sobre a Igualdade de Oportunidades e a perspectiva de xénero: módulos sobre educar para a igualdade, coñecementos sobre os dereitos, recursos e servizos para as mulleres, eliminación de estereotipos sexistas, visibilización e recuperación da aportación das mulleres á historia a través da arte, literatura, ciencia, etc.

4º.- Obradoiros preventivos en prol de hábitos de vida saudable: detección precoz de enfermidades, auto observación e coñecemento do propio corpo, primeiros auxilios, a imaxe/xénero e trastornos de alimentación, coidar a quen coida, relacións afectivo-sexuais, autoestima e valoración persoal, masaxe, educación física, técnicas de relaxación, etc.

Os proxectos que se presenten para a realización dos cursos obxecto da convocatoria sinalados nos lotes 1,2,3, e 4 non poderán superar o prezo de 33.00 euros por hora. A cantidade ofertada incluírá os impostos e a deducción correspondente ao IRPF.

5º.- Medios de divulgación do programa, as ideas que se presenten neste lote axustaránse as seguintes condicións:

.- O importe do proxecto non poderá superar a contía de 12.000 euros.

.- O proxecto especificará o número de todo o material publicitario proposto e que considerará como mínimo: 1.000 carteis, 10.000 folletos (5000 folletos para cada un dos cuatrimestres), anuncios publicitarios en medios de comunicación como prensa e radio (insercións en cada un das dúas fases do programa), ademais doutros produtos publicitarios que se poidan proponer para o alumnado como: bolígrafos, gomas, lapis, adhesivos, blocs, etc.

A proposta incluírá o deseño do material e propostas para unha nova denominación do programa en consonancia cos obxectivos dos cursos especificados na base primeira e terceira do concurso.

A adxudicataria elaborará o deseño e realizará a edición, impresión e a distribución de todo o material ofertado en 100 puntos da cidade. A distribución realizarase en dos etapas: unha ao comezo do programa e a segunda ao inicio do segundo cuatrimestre.

CUARTA.- A persoa ou persoas interesadas en participar neste concurso de ideas presentarán a documentación requirida seguindo as seguintes instrucións:

1) DOCUMENTACIÓN

Presentarase:

a) O proxecto da actividade que se achegará cumprimentando os anexos II, III e IV e que se cubrirán cos datos de cada unha das/os monitoras/es que participan na proposta (anexo I), cos proxectos dos cursos que se oferten (anexo III) e cun resumo dos proxectos presentados (anexo IV) que consiste nunha ficha/resumo, que o Concello enviarálles ás asociacións e vocalías cos cursos seleccionados. Estes anexos deberán estar cubertos a máquina ou con letra maiúscula de cor negra.

b) Documentación que se exige para os efectos de garantir a viabilidade e a realidade das ideas presentadas a fin de que o ulterior procedemento de contratación non quede deserto. Cumplimentarase a declaración xurada, segundo o modelo do anexo I, na que declara que no caso de ser seleccionada a súa proposta está en condicións de achegar a seguinte documentación, que entregarán debidamente compulsada :

1. As persoas físicas deberán presentar fotocopia compulsada ou legalizada do Documento Nacional de Identidade .
2. As persoas xurídicas deberán presentar:
 - Fotocopia compulsada ou legalizada da escritura de constitución da sociedade e das súas modificacións, así como escritura de apoderamento, verificada polo secretario xeral ou letrado do Concello, da persoa asinante da proposición.
 - Fotocopia compulsada ou legalizada do CIF.
3. Xustificante da alta no Imposto de actividades económicas no seu caso.
4. Certificado de carecer de débedas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
5. Acreditación da solvencia técnica e económica en todos os casos.
6. Certificación da entidade bancaria onde conste o número de conta da adxudicataria.

c) Os documentos que acrediten a formación académica, titulación, colexiación e experiencia das/os monitoras/es e que lles faculta para a realización dos cursos que oferten. Só se admitirán orixinais ou copias compulsadas. No caso de que xa teñan sido entregados con anterioridade estes documentos na Concellaría da Muller non será preciso entregar nova copia, máis que dos novos méritos acadados.

Os proxectos presentaranse en galego e nos impresos que se achegan como anexo.

2) FORMA:

A documentación presentarase nun sobre pechado, no que deberá incluírse a documentación reseñada no apartado primeiro desta mesma base, e no que figurará por fóra a seguinte inscrición:

“Proposta que presenta _____ para o concurso de ideas do programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2006/2007 da Concellaría da Muller ”.

3) PRAZO, LUGAR E HORA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os proxectos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por correo, na forma determinada pola lexislación vixente; no prazo de vinte días naturais seguintes á publicación do anuncio do concurso de ideas no Boletín Oficial da Provincia. Ademais desta publicación o concurso poderá ser anunciado noutros medios de comunicación.

QUINTA.- A preselección dos proxectos presentados a fará unha comisión presidida pola Concelleira da Muller e composta por unha Concelleira de distrito, a vicepresenta do Consello Municipal da Muller e unha representante das vocalías da muller da “Federación Veciñal Eduardo Chao” que participa no programa, e polo persoal técnico municipal que se designe.

SEXTA.- A comisión de valoración dos proxectos ofertados seleccionará os cursos tendo en conta os criterios que se sinalan a continuación por orden de importancia :

1. Adecuación do proxecto aos obxectivos do programa
2. Seleccionarase a mulleres monitoras nos lotes 2 (cursos de “formación persoal e artística”), 3 (cursos de “formación sobre a Igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero”), 4 (“obradoiros preventivos en prol de hábitos de vida saudable”). Nos cursos que contemplan materias do lote 1: “formación para acadar a igualdade real na vida cotiá” poderán presentarse ofertas de homes monitores, priorizando o Concello a selección de mulleres monitoras se presentan proxectos de igual calidade.

Estas accións positivas contémplanse no marco das disposicións comunitarias sobre a igualdade de oportunidades das mulleres, e a nivel autonómico na Lei galega para a igualdade de mulleres e homes: Lei 30/2004, do 16 de xullo (capítulo VI)

3. Calidade do proxecto para desenvolver:
 - a) cualificación do equipo de traballo
 - b) planificación que permita unha eficaz realización
 - c) claridade e coherencia interna da proposta
4. A novidade do proxecto consonte cos obxectivos e prescricións do programa
5. Oferta económica presentada
6. Calquera outro aspecto relacionado cos anteriores que mellor contribúa ao fomento das accións positivas a favor das mulleres.

SÉTIMA.- As ideas que resulten preseleccionadas pola comisión segundo o procedemento establecido na base quinta e sexta serán enviadas ás asociacións e vocalías da muller adheridas ao programa para que comuniquen á concellaría da muller, no prazo establecido para elo, a súa elección.

OITAVA.- Unha vez seleccionados os proxectos polas asociacións e vocalías da muller, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución da aprobación das ideas seleccionadas ou a desestimación das propostas. A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. A Xunta de Goberno Local ten a potestade de deixar deserto o concurso, en todo ou en parte, se os proxectos non satisfacen plenamente ós obxectivos municipais en materia de promoción da muller recollidos na programación . Tamén está facultada para resolver as eventualidades non previstas nestas bases.

Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcurre outro

sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdicción contenciosa administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

NOVENA.- Unha vez aprobados os proxectos pola Xunta de Goberno Local acudirase ao procedemento de contratación via contrato menor ou negociado segundo o estipulado na normativa vixente.

DÉCIMA.- A participación neste concurso de ideas supón a aceptación de todas e cada unha destas bases.

21(575).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA CAMPAÑA “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 2814/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.05.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 24.04.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, o xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao gasto de 150.000 euros/ano para a prestación dos servizos de elaboraición e desenvolvemento da campaña de información da actividade municipal “O Concello informa” que se imputarán á partida presupostaria 111.1.226.02.00 do vixente presuposto e sucesivos.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de 10.05.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de elaboraición e desenvolvemento da campaña de información da actividade municipal “O Concello informa”, de 10.01.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

22(576).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO. EXPTE. 1109/241.

Vistas as actuacións do expediente e o informe proposta do xefe do negociado de Contratación de data 15 de maio de 2006, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación da sesión do 22 de maio, co “intervido e conforme” do interventor xeral de data 24 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. Adxudicar a Juan Manuel Sáez Silva (Zenit) o lote 1 (impresos), do concurso para a subministración de impresos, material de oficina e papel para fotocopidora por un importe de 43.183,98 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20-03-2006 e a oferta presentada.

2º. Adxudicar a Paz Dismac, S.L. o lote 2 (material de oficina), do concurso para a subministración de impresos, material de oficina e papel para fotocopidora por un importe de 17.217,48 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20-03-2006 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar a Guilbert España, S.L. o lote 3 (papel de fotocopidora), do concurso para a subministración de impresos, material de oficina e papel para fotocopidora por un importe de 25.000 euros, e os seguintes prezos unitarios 2,29 euros para o paquete de 500 ud. de papel A4, 5,20 euros, para o paquete de papel de 500 ud. A3, 2,58 euros para para o paquete de 500 ud. de papel A4 (ecolóxico) e 5,21 euros para o paquete de papel de 500 ud. A3 (ecolóxico), todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 20-03-2006 e a oferta presentada.

23(577).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13.03.06, COMETIDO NO SENGUNDO APELIDO DO INTERESADO. EXPTE. 17428/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.05.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno de Local en sesión de 13 de marzo de 2006 acordou o seguinte:

“1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal do terreo polo que discurre a traza do Canal de Oitaven, a altura do nº 27 no Bº Picoto en Cidadelle-Chapela, termo municipal de Redondela, pola sua ocupación por D. Carlos Rosendo Lopez mediante a realización dunha rampla de acceso a sua propiedade.

2º.- Concederlle a D. Carlos Rosendo Lopez un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoación co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.

3º.- Requerir a D. Carlos Rosendo Lopez para que proceda a inmediata paralización das expresadas obras, con apercibimento, noutro caso, da adopción de medidas de execución forzosa prevista no ordenamento xurídico, sen

prexuízo das responsabilidades penais en que poda incurrir pola posible comisión dun delito de desobediencia a Autoridade, tipificado no art.556 do Código Penal.”

SEGUNDO.- Intentada a notificación do acordo adoptado ao interesado, non foi posíbel a mesma, ao constatarse a existencia dun erro na transcripción do segundo apelido deste, circunstancia que así resulta da propia documentación que obra no expediente, correspondendo a identidade do responsábel das obras obxecto do procedemento con D. Carlos Rosendo Alvarez, en lugar de D. Carlos Rosendo López como figura no citado acordo.

Conseguentemente, no presente caso resultaría de aplicación o disposto no art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC conforme ao cal as Administracións públicas poderan rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, procedendo polo tanto á rectificación do acordado, aos únicos efectos da corrección do segundo apelido do interesado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2006, no senso de facer constar que onde dí D.Carlos Rosendo López deberá dicir D. Carlos Rosendo Alvarez.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(578).- SOLICITUDE DO CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO RECREATIVO DE VALADARES DE AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO DA SEDE SOCIAL DA ENTIDADE. EXPTE.17370/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.05.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.-Polo Centro Cultural e Artístico de Valladares solicitouse, en data 16 de setembro de 2005, autorización para poder alugar o baixo do edificio da súa sede para usos comerciais, manténdose o resto do edificio adicado a actividades socio-culturais.

2º.-A oficina do Inventario municipal emite informe, en data 20 de outubro de 2005, en relación ao inmóbel da actual sede social da entidade solicitante.

3º.-Pola Xefatura da Area de Participación Cidadá infórmase, en data 10 de febreiro de 2006, sobre a pretensión da solicitante.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Entidade Centro Cultural Recreativa-Artística de Valladares é propietaria, mediante compravenda formalizada en Escritura pública de 20 de xullo de 1984, dunha casa de planta baixa e piso sinalado co nº 65 no Bº de Igrexa, denominado Senra, sita na parroquia de Valladares, dunha superficie de 503 m2, adquirida ao Concello de Vigo, como adxudicataria do concurso público convocado polo mesmo para seu alleamento, e resolto por acordo plenario de 16 de novembro de 1983.

SEGUNDO.- O alleamento de dito inmóbel, efectuouse dacordo coas condicións e clausulas reflectidas no prego de condicións, aprobado ao efecto polo Pleno do Concello en sesión de 31 de agosto de 1983.

Do seu clausulado é de salientar que dito alleamento tiña como obxecto o destino do inmóbel de xeito obrigatorio para centro sociocultural parroquial con exclusión de calquer outro uso e fin lucrativo (clausula 1ª párrafo 2º). Condición aceptada expresamente pola adxudicataria como así quedou reflexado na Escritura pública na que se formalizou o contrato (Apartado 3º do outorgamento).

TERCEIRO.- Dita condición vencella e ten forza de lei entre as partes asinantes do contrato, atopándose vixente e polo tanto esixíbel o seu cumprimento, nos termos acordados (art. 1089, 1091 e 1113 do C.C.) dende o momento do seu perfeccionamento (Art. 1255, 1257 e 1258 do C.C.).

Conseguentemente, do seu teor literal pódese deducir a imposibilidade de que o inmóbel sexa destinado a fins ou usos lucrativos, o que posto en relación coa pretensión da solicitante, a fai inviábel xa que o outorgamento dun dereito arrendaticio sobre parte de dito inmóbel sí constitue unha actividade lucrativa que entraría en contradición con dita clausula.

CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto non é admisíbel no presente caso acceder ao outorgamento da autorización solicitada ao contravir os termos e condicións na que foi alleado o inmóbel de referencia.

Por todo elo á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Denegar a autorización ao Centro Cultural Artístico Recreativo de Valladares para a cesión, en réxime arrendaticio, da planta baixa do edificio sito no Barrio da Iglesia, sede social da Entidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(579).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 22.05.06, a Xunta de Goberno local acorda:

a) WENCESLAO CABEZAS DEL TORO. EXPTE. 1289/241.

Devolver a Wenceslao Cabezas del Toro a fianza de 3.576,75 euros, constituída para responder da Xestión da Escola municipal de Danza, xa que o servizo foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1289/241.

b) SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 148/340.

Devolver a Securitas Seguridad España S.A. a fianza de 10.323,17 euros, constituída para responder da vixiancia do Verbum xa que o servizo foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 148/340.

26(580).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. MARÍA JOSEFA PARAMÉS FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXTE. 16506/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 15.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Dna. María Josefa Paramés Fernández de Córdoba, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 6 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 13/09/2003, polos danos físicos sufridos por mor dunha caída na rúa Montero Ríos.

A devandita resolución foi notificada ó reclamante con data 23 de marzo de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite ós interesados recorrer en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os dictara, fixando o artigo 117 da mesma lei o prazo para a súa interposición en un mes, se o acto fose expreso.

O cómputo dos prazos fixados por meses, computaríanse, por imperativo do artigo 48 da Lei 30/1992, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. No suposto de referencia, dado que a resolución foi notificada o 23 de marzo de 2006, o prazo comenzo en 24 de marzo de 2006 e finalizou en 23 de abril do mesmo ano. Consonante a doutrina do Tribunal Supremo (SSTS de 25.10.1995 e 24.03.1999 entre outras) segundo a cal, co fin de que non se compute dúas veces unha mesma data, o prazo cóntase desde o día seguinte á notificación da resolución que se recorre, e termina o día no que se cumpre o mes, pero contado desde a mesma data da notificación; polo que, neste caso, a presentación da solicitude de recurso de reposición con data 26 de abril de 2006 resulta claramente extemporánea.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. María Josefa Paramés Fernández de Córdoba con data 26/04/2006, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto no artigo 117 da Lei 30/1992 ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(581).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JAVIER DÍAZ DOMINGO CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXTE. 16506/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 15.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

D. Javier Díaz Domingo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de maio de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 13 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 26/01/2004, polos danos materiais ocasionados ó seu vehículo, con matrícula M-1058-LL, por mor da caída dunha póla na avenida Castelao, á altura dos números 24 e 26, o día 30 de outubro de 2003.

A devandita resolución foi notificada ó reclamante con data 4 de abril de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os dictara, fixando o artigo 117 da mesma lei o prazo para a súa interposición en un mes, se o acto fose expreso.

O cómputo dos prazos fixados por meses, computaríanse, por imperativo do artigo 48 da Lei 30/1992, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. No suposto de referencia, dado que a resolución foi notificada o 4 de abril de 2006, o prazo comenzou en 5 de abril de 2006 e finalizou en 4 de maio do mesmo ano. Consonante a doutrina do Tribunal Supremo (SSTS de 25.10.1995 e 24.03.1999 entre outras) segundo a cal, co fin de que non se compute dúas veces unha mesma data, o prazo cóntase desde o día seguinte á notificación da resolución que se recorre, e termina o día no que se cumpre o mes, pero contado desde a mesma data da notificación; polo que, neste caso, a presentación da solicitude de recurso de reposición con data 5 de maio de 2006 resulta claramente extemporánea.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Javier Díaz Domingo con data 05/05/2006, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto no artigo 117 da Lei 30/1992”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(582).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA JESÚS DACOSTA BERMÚDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 164/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Jesús Dacosta Bermúdez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 04 de maio de 2004, no que expón que o día 25 de febreiro de 2004, mentres camiñaba pola Gran Vía, á altura do colexio Jesuitinas – Miralba, sufriu unha caída ó pisar unha tapa dunha arqueta de auga que se afundiou, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía local, de data 25/03/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Dacosta relátalles o accidente que tivera e os danos que se causara; así mesmo comprobán a existencia da tapa de rexistro rota.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/09/2004, manifestando que o mantemento das bocas de rega é competencia da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de data 13/09/2004.*
- Práctica de proba testifical, en data 19/11/2004, ás testemuñas propostas pola reclamantes, que confirman os extremos alegados pola Sra. Dacosta.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia FCC, que formula alegacións o 02/03/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 29/01/2005.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 04/05/06, que cuantifica os mesmos en 1.810,30 euros.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido á existencia dunha tapa de rexistro defectuosa, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos, dato que é corroborado no Parte do servizo da Policía Local.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. María Jesús Dacosta Bermúdez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1.810,30 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(583).- RECLAMACIÓN DE D^a. ESTHER SALGADO RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 167/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Esther Salgado Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de maio de 2004, no que expón que o día 13 de abril de 2004, mentres camiñaba pola praza da Independencia, á altura de Deportes Jalda, sufriu unha caída ó enganchar o talón dos zapatos nos ocós entre as baldosas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 26/07/2004, manifestando que as xuntas dos lastros están recheas de area que está en constante movemento ó pisar sobre elas.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 18/08/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 07/10/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó

seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos.

Como medios de proba a Sra. Salgado limitase a achegar un informe médico de asistencia no Servizo de Urgencias do Centro Médico POVISA, que proba que esta sufriu determinados danos, pero non o lugar onde se lesionou. Cos datos obrantes no expediente non é posíbel vincular os danos padecidos pola reclamante co funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Esther Salgado Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(584).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL PILAR CARBALLO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 173/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Pilar Carballo Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2004, no que expón que o día 06 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Ourense, sufriu unha caída por mor da falta de baldosas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/08/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

- Informe do servizo da Policía Local, con data 18/08/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 907,11 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 23/11/2004, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos. Como medios de proba a Sra. Carballo limitase a achegar informes médicos das súas lesións, que proban que esta sufriu determinados danos, pero non o lugar onde se lesionou. Cos datos obrantes no expediente non é posíbel vincular os danos padecidos pola reclamante co funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. M^a del Pilar Carballo Fernández por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(585).- RECLAMACIÓN DE D^a. SILVIA SUÁREZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 179/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Silvia Suárez Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Alfonso Dimas Vázquez Valeiras, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de maio de 2004, no que expón que o día 13 de maio de 2004 circulaba co vehículo propiedade do Sr. Vázquez, matrícula 9604-CCP, pola rúa Tomás Alonso e provocou danos materiais nunha roda traseira do mesmo ó introducila nun sumidoiro en mal estado ubicado na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13/05/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Suárez relátalles o accidente; así mesmo, comprobán os danos existentes no vehículo do Sr. Vázquez e que a tapa do sumidoiro se atopaba fóra do seu lugar, polo que requiren a presenza da empresa responsábel do mantemento das mesmas para a súa reparación.*
- Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 22212 de Comercial Automoto, por un importe de 124,07 euros IVE incluído, e no presuposto de Talleres Anido, por un importe de 63,80 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 16/03/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 28/02/2005, que non efectúa alegacións.*
- Informe do Parque Móbil, de data 02/03/2006, que se reafirma no seu informe anterior.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslinda-r a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgo en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido á existencia dunha arqueta en mal estado, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local.

A empresa Aqualia manifesta en trámite de audiencia que acepta unicamente o importe dos danos no vehículo que foron comprobados pola Policía Local e que consisten en roda traseira dereita, que constan na factura de Comercial Automoto, de data 13/05/04, por importe de 124,07 euros, rechazando pola contra o aboamento do importe contido no presuposto de Talleres Anido, de data 11/06/04, relativo a “comprobación de eje trasero, revisión de geometrías y convergencia en máquina”, pois considera, en atención ó mencionado informe da Policía Local no que no se mencionan estes danos, que non existe relación de causalidade entre estes danos e o accidente. Á vista destas alegacións, solicitouse novo informe ó servizo de Parque Móbil, que manifesta non poder pronunciarse acerca deste extremo pois o vehículo non se presentou nas súas instalacións e non puideron comprobar os desperfectos que presentaba tras o accidente, polo que se limitaron a comprobar que os prezos contidos nas facturas e presupostos presentados polo reclamante son correctos. Dado que o vehículo non se presentou nas instalacións do Parque Móbil para que este servizo puidese comprobar a realidade dos danos reclamados, nin o Sr. Vázquez achega peritación efectuada por perito titulado nos días seguintes ó accidente, a informante conclúe que só se poden estimar, tal e como manifesta Aqualia os danos que constan no Parte do servizo da Policía Local, non procedendo o aboamento de aqueles que so constan nun presuposto posterior nun mes á data do accidente.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha

cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Silvia Suárez Alonso, en nome e representación de D. Alfonso Dimas Vázquez Valeiras.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 124,07 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(586).- RECLAMACIÓN DA COMPAÑÍA FIATC DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 184/243. RESPONSABLE CESPA S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía FIATC seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación da mercantil “Zubeltia Rent S.L.” mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de maio de 2004, no que expón que o día 15 de xuño de 2003 o vehículo asegurado pola compañía, con matrícula 1496-BLC, estando estacionado en Samil, sufriu diversos danos por culpa da caída dunha póla sobre o mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 15/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, varios vehículos foran afectados pola caída dunha póla dunha árbore; así mesmo comprobán os danos no vehículo en cuestión.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 13/12/2004, manifestando que dos posibles danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*

- Informe do servizo de Parque Móbil, de 21/12/20045, manifestando que os prezos contidos na factura de reparación nº T/3074/2003 de Ferwagen, S.A., presentada pola compañía reclamante, por un valor de 4.146,43 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que efectúa alegacións con data 07/03/2005.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 08/02/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano se produce no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

No expediente, do oficio instruído pola Policía Local con ocasión do accidente, dedúcese que a causa eficiente dos danos do vehículo da mercantil Zubeltia Rent S.L. foi a caída dunha póla dunha árbore sobre o mesmo, estando estacionado no aparcadoiro da Avda. de Samil.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza dictada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de

conservación do arborado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente se debeu á caída dunha árbore sobre a vía pública, causándolle danos ó vehículo do Sr. Araújo que atopábase aparcado na mesma.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por a compañía FIATC seguros, en nome e representación da mercantil “Zubeltia Rent S.L.”

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 4.146,43 euros, correspondentes o valor da reparación dos danos do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(587).- RECLAMACIÓN DE D. ALBERTO MALGA PAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 58/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alberto Malga Paz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 04 de febreiro de 2004, no que expón que o día 05 de setembro de 2003, ó circular coa súa motocicleta, matrícula 4183-BWC, pola circunvalación de Castrelos al CUVI, á altura da rotonda de Corredoira, caeu por mor da presenza na calzada dunha gran mancha de gasoil, producíndose danos de carácter material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Inventario Municipal, de data 09/03/2004, indicando que a vía onde ocorreu o accidente non consta de alta no Inventario Municipal, mais si consta un convenio entre a CPTOPV e o Concello de Vigo polo que este asume a explotación e conservación de obras.
- Parte do servizo da Policía Local, de data 05/09/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobamos a existencia da mancha de gasoil na calzada e dos danos materiais ó vehículo do Sr. Malga; tamén indican que requiriron ó servizo de Bombeiros para a limpeza do lugar e que descoñecían quen puido ser o responsábel do verquido que ocasionou a mancha.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 09/07/2004, no que manifestan que a limpeza da vía en cuestión realízase na quenda de mañás, agás domingos e festivos e que a última vez que se realizara fora o día 02 de setembro.
- Informe do Parque Móbil, de 27/07/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000316 e na factura nº C0002511 de Moto Pasión, presentados polo reclamante, por importes de 861,20 e 401,48 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 21/09/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, do Parte do servizo da Policía Local dedúcese que o accidente debeuse á existencia dunha mancha de gasóleo na calzada. Dado que o servizo de Limpeza do Concello manifesta que a limpeza da vía onde ocorreu o accidente “realizouse tres días antes do suceso, o día 2 de setembro”, e que non é posíbel determinar o momento exacto no que se produciu o verquido de gasoil na calzada, posto que este non foi detectado polos servizos

de vixilancia municipais con anterioridade ó accidente, podemos concluír que os danos poden vincularse ó funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder dos mesmos.

O Sr. Malga reclama unha indemnización de 1.452,62 euros, correspondente ós danos sufridos pola motocicleta así como o coste de reposición de determinadas prendas danadas con ocasión do accidente, que desglosa nos seguintes conceptos:

- Reparación da motocicleta: 861,20 euros.
- Casco: 401,48 euros.
- Chaqueta: 49,88 euros.
- Pantalón: 60,06 euros.
- Zapatillas deportivas: 80,00 euros.

No entanto, no parte da Policía Local só consta que se danaron a motocicleta, o pantalón e a chaqueta, non mencionándose nin as zapatillas nin o casco, polo que, dado que o Sr. Malga non probou a realidade destes danos, e tendo en conta que carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial), non procede aboar o importe correspondente ós mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Malga Paz, indemnizándolle na coantía de 971,14 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade máis o coste de reposición das prendas de vestir danadas con ocasión do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(588).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA JOSÉ DAFONTE FONTAO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14780/240.ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 8.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María José Dafonte Fontao presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xaneiro de 2002, no que expón que o día 1 de xaneiro de 2002, mentres camiñaba pola avenida de Castrelos, sufriu unha caída por mor da existencia dunha focha nun paso para peóns, provocándose danos de carácter físico. En posterior escrito, de data 22 de xullo de 2002, reclama polos danos persoais sufridos por mor do accidente 757,28 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/03/2002, no que manifestan que había unha zona afundida no paso de peóns, xunto a un rexistro da rede de saneamento, que proceden a bachear debida á súa perigosidade.*

- *Práctica de proba testifical, en data 11/02/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Dafonte.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de auga, de data 25/03/2004, manifestando a súa falla de responsabilidade nos danos sufridos pola Sra. Dafonte.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.810,04 euros.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 17/06/2004, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do Sr. Enxeñeiro Técnico do servizo de Vías e Obras, de data 22/07/2004, sobre as posíbeis causas do xurdimento do afundimento.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 04/02/2005, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 16/03/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséctase na proba testifical practicada durante a instrución do expediente, o deficiente estado da calzada, pois había unha fochanca no medio do paso de peóns, que se ben non era un defecto oculto e podía verse a certa distancia (a testemuña precisa, no entanto, que “non moita”), no momento do accidente estaban cruzando varias persoas, o que podería dificultar a súa apreciación. Dado que esta focha foi a causa eficiente dos danos sufridos pola Sra. Dafonte, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María José Dafonte Fontao, e indemnizála coa cantidade solicitada, 757,28 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(589).- RECLAMACIÓN DE D. SANTIAGO ALVAREZ RODRÍGUEZ E OUTRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 13808/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 8.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Santiago Álvarez Rodríguez e Dna. Belén Núñez Riveiro presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de xaneiro de 2001, no que expoñen que o día 1 de agosto de 2000, ó circularen coa motocicleta de propiedade do Sr. Álvarez, número de bastidor 61701, pola praza Francisco Fernández del Riego, tiveron unha caída ó atopararen unha reixa inclinada existente na vía, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, de data 01/08/2000, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Álvarez relatoulles o accidente; así mesmo, comprobamos os danos existentes no ciclomotor e a reixa en cuestión, que manifestan que pode resultar perigosa para a circulación de vehículos de dúas rodas.*
- *Informe dos arquitectos directores das obras de urbanización executadas no ámbito do PERI I-05 da praza Elíptica, de data 24/08/2005.*
- *Informe do Parque Móbil, de 25/10/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto de reparación e na factura nº 06730 A de Talleres Anca, presentados polos reclamantes, por importes respectivos de 60.673 (364,65 euros) e 12.000 pesetas (72,12 euros) IVE incluído, son correctos.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.339,82 euros.*

- Evacuase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións con data 27/01/2006.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha reixa na calzada que aínda que é un elemento estrutural da mesma representa un perigo para a circulación dos vehículos de dúas rodas, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que esta reixa foi a causa eficiente dos danos, tanto dos materiais do vehículo do Sr. Álvarez como dos persoais sufridos pola Sra. Núñez, estrs poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Entre os danos materiais reclamados figuran os da roupa que levaban os reclamantes no momento do accidente. Como proba de que efectivamente se rompeu con motivo do accidente, estes limitáanse a presentar dúas facturas de compra, unha delas de data posterior ó accidente. Estas facturas proban a compra das prendas referenciadas nas mesmas, mais non a súa rotura por mor do accidente. Dado que no parte da Policía Local non se fai constar este extremo nin consta no expediente outra proba destes danos, a informante considéraos non probados e non procede o seu aboamento.

No escrito presentado en trámite de audiencia os reclamantes poñen de manifesto que no dictame emitido polo Dr. Guillén, médico da asesoría médica do Concello, valóranse as secuelas padecidas pola Sra. Núñez en dous puntos, máis un deles non se contabiliza e reclaman polos mesmos 1.314,76 euros. Comprobado este extremo, procede aumentar esta cantidade á correspondente ós días de incapacidade temporal, 2.978,70 euros, o que eleva a indemnización a 4.293,46 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Santiago Álvarez Rodríguez e Dna. Belén Núñez Riveiro, e indemnizalos nas seguintes contías:

- 436,77 euros ó Sr. Álvarez, correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade;
- 4. 293,46 euros á Sra. Núñez, polos danos persoais sufridos por mor do accidente, e 15,30 euros polos gastos farmacéuticos que lle ocasionou o mesmo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(590).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PENSIÓN AO PERSOAL XUBILADO ENTRE 1992 E 1995. EXPTE. 26/107. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación, en sesión de data 31/08/1994, acordou por unanimidade o aboamento dun complemento de pensión aos funcionarios municipais xubilados entre o 01/01/1992 e o 31/12/1995, coa finalidade de compensar a diferenza da pensión de xubilación dos mesmos coa do persoal laboral de igual categoría e antigüidade, producida como consecuencia da integración deste colectivo no réxime xeral da Seguridade Social con efectos do 01/04/1993 ao ter sido suprimida a MUNPAL por Real Decreto 480/1993, do 2 de abril. O dito acordo plenario establecía unha vixencia temporal de 10 anos.

2. En escritos de datas 04/05/2005 (documento nº 50109384) e 22/03/2006 (documento nº 60031112) o presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas do Concello de Vigo solicita que sexa prorrogada a eficacia do referido acordo plenario.

Asemade, consta a conformidade do Comité de Persoal, manifestada en escrito de data 31/05/2005 (documento nº 50123140).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O réxime xurídico da acción protectora da Seguridade Social en canto ás prestacións económicas por xubilación nas modalidades contributiva e non contributiva se regulan nos artigos 46 a 52 e 160 a 166 do Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRRS) Como sinala o artigo 1 do mesmo, o sistema da Seguridade Social se fundamenta nos principios de universalidade, unidade, solidariedade e igualdade.

II. A situación plantexada cómpre encadrarla dentro das consecuencias emanadas do Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, polo que se integra no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime Especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración Local no uso da habilitación legal outorgada ao Goberno polas Leis 31/1991, do 30

de decembro, e 39/1992, de 29 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para os anos 1992 e 1993, respectivamente.

No artigo 2 da dita norma se establece -en canto á integración das pensións causadas no réxime integrado- que as pensións, tanto na parte básica como na mellora recoñecidas pola Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local, e que se recoñezan por feitos causantes anteriores ao 1 de abril de 1993, serán asumidas polo Réxime Xeral da Seguridade Social a partires da dita data, na contía que tivesen dende o 31 de marzo de 1993 e coa natureza e condicións coas que foron recoñecidas, pasando os seus titulares á consideración de pensionistas do Réxime Xeral.

A legalidade do referido Real Decreto foi confirmada polo Tribunal Constitucional en Sentenzas de 18 de decembro de 1996 e de 23 de febreiro de 1998, así como polo Tribunal Supremo en Sentenza do 29 de setembro de 1995.

III. O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, aprobatorio do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) reproduce na súa Disposición Adicional o contido da Lei 11/1960, de creación da MUNPAL; a pesares de ter sido suprimida a dita Mutualidade, a disposición adicional cuarta, apartado 2 da devandita Lei 11/1960 – que goza de vixencia normativa plena en virtude da disposición derogatoria única do Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, resultando consecuentemente de aplicación- consigna expresamente que “as Corporacións Locais non poderán no sucesivo conceder aportacións, subvencións ou axudas de calquera xénero para fins de previsión dos seus funcionarios. Serán nulos os créditos que se concedan con infracción deste precepto e o seu pago xenerará as responsabilidades pertinentes.”

A efectos presupostarios, a autorización do gasto sería de dubidosa legalidade, toda vez que segundo o principio de legalidade presupostaria consignado no artigo 133.4 da vixente Constitución de 1978 as Administracións Públicas sólo poderán contraer obrigas financeiras e realizar gastos dacordo coas leis; principio desenvolto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, e no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

IV. O principio universal da incompatibilidade de pensións enunciado no artigo 122.1 da Lei Xeral da Seguridade Social -en virtude do cal as pensións son incompatibles entre sí cando coincidan nun mesmo beneficiario- vén avalado pola doutrina especializada na materia (vid. QUINTANILLA NAVARRO, R., en “Las incompatibilidades en materia de pensiones de la Seguridad Social”, publicado na “Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales”, nº 29; CASAS, M^a E., en “Sentenza 65/1987, do 21 de maio. Sobre as Leis de Presupostos e sobre as entidades de previsión social e a incompatibilidade das pensións de xubilación e haberes activos polo desempeño de emprego público”; ALONSO OLEA, M., en “Sentenza 188/1988, do 17 de outubro, sobre a incompatibilidade de pensións de xubilación e retribucións funcionariais.”

A maior abundamento, cabe citar a relevante Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña de 28/02/1995 (Ar. 738), declarativa da improcedencia de percepción por un pensionista de xubilación de dúas pensións, unha con cargo ao Réxime Xeral da Seguridade Social e outra por ter sido funcionario público, debido á incompatibilidade de ambas apoiada nos artigos 12 da Lei 44/1983 e homólogo da Lei 50/1984.

V. En consecuencia, parece meridianamente clara a imposibilidade legal de acceder á prórroga do acordo plenario de data 31/08/1994 solicitada.

VI. Vistas as competencias en materia de persoal non expresamente atribuídas a outro órgano que de conformidade co artigo 127.1.h) ostenta a Xunta de Goberno Local, e a a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese á súa consideración a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada en datas 04/05/2005 (documento nº 50109384) e 22/03/2006 (documento nº 60031112) polo presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas do Concello de Vigo en relación á prórroga do complemento de pensión aos funcionarios municipais xubilados entre o 01/01/1992 e o 31/12/1995 acordado polo Pleno do Concello en data 31/08/1994, debido á imposibilidade legal de acceder á mesma segundo consta nos fundamentos xurídicos expresados.”

“Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

37(591).- SOLICITUDE DE D. OSCAR COUCE SENRA DE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL CORRESPONDENTE AO COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 16. EXPTE. 16454/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23.05.06 da xefa da Unidade de Persoal, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- En escrito de data 10/05/2006 (documento nº 60050091) o funcionario D. Óscar Couce Senra, con DNI 32.677.831-Y e nº de persoal 79.389, con posto de traballo de auxiliar de administración xeral, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino nivel 16, xunto con certificación acreditativa do mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 21.1.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública –precepto de carácter básico- establece que o grao persoal se adquire polo desempeño de un ou máis postos de traballo do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción; se durante o tempo no que o funcionario desempeña un posto se modifícase o nivel do mesmo, o tempo de desempeño computarase co nivel máis alto no que o dito posto houberse estado clasificado. En igual senso se manifesta o artigo 70, apartados 2, 3 e 4 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios da Administración Local.

II. Consultado o expediente persoal do interesado, consta que tomou posesión como funcionario do Concello de Vigo, en praza de auxiliar de administración xeral, con data 01/02/2004; nembargantes, e en canto ás cotizacións no réxime xeral da Seguridade Social, o dito funcionario figura dende o día 02/02/2004. Obviamente parece tratarse dun erro material, de feito ou aritmético, toda vez que, consultado o calendario para o ano 2004, o día 1 de febreiro de 2004 foi un domingo, día inhábil a efectos administrativos. Asemade, comprobouse que o resto dos auxiliares de admón. xeral que foron nomeados funcionarios tras a superación do proceso selectivo convocado no ano 2003 tomaron posesión das súas prazas en data 02/02/2004.

Consecuentemente, parece necesario rectificar a acta de toma de posesión do funcionario D. Óscar Couce Senra, en atención ao recollido no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, que faculta a Administración Pública para a rectificación en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte interesada, daqueles erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus actos, consignando como data de toma de posesión o 02/02/2004.

III. Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local en materia de persoal, recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase ao criterio do sinalado órgano municipal a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Recoñecer ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con DNI 32.677.831-Y e nº de persoal 79.389, con posto de traballo de auxiliar de administración xeral, a consolidación do grao persoal correspondente ao complemento de destino de nivel 16, nos termos e condicións do disposto no artigo 21.1.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, artigo 70, apartados 2, 3 e 4 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso, e normativa de concordante aplicación, e consecuentemente ordena-la expedición de certificación acreditativa de tal extremo.

SEGUNDO.- Ordenar, ao abeiro do disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a rectificación do erro material, de feito ou aritmético padecido na acta de toma de posesión do interesado en canto á data de toma de posesión como funcionario do Concello de Vigo, substituíndo a data de 1 de febreiro de 2004 por “2 de febreiro de 2004”.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e á Unidade de Persoal para a súa execución.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(592).-DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA O CONCURSO DE TRASLADOS DO ANO 2005. EXPTE. 16480/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19-05-06 da técnica de Organización e x. de Recursos Humanos, conformado pola Xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES.-

Con data 30 de decembro do 2005, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente acordou aprobar as bases do Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005, que fóron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 20 de enero do 2006.

...”Na cláusula IV das devanditas bases, figura que a Comisión de valoración estará integrada por tres representantes designados pola Corporación e tres do órgano de representación unitaria do persoal con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto, e presidida polo alcalde ou concelleiro en quen delegue. Será secretario o do Goberno Local ou técnico de administración xeral que designe a Xunta de Goberno Local e participará como asesor o xefe do servizo ou técnico cualificado, ámbolos dous con voz e sen voto.

Xunto cos titulares da comisión deberán designarse os correspondentes suplentes.

A comisión de valoración contará coa asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a da Unidade de Persoal do concello, nomeado a tal efecto polo órgano convocante, con competencias de ordenación administrativa cara o desenvolvemento das distintas probas. Ditas funcións se exercerán sempre dacordo coas instrucións recibidas pola Comisión de Valoración, a instancia do seu Presidente..

A comisión propondrá ó organismo municipal competente os traslados a efectuar e a súa proposta será vinculante sempre que se axuste a dereito...”

Considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local, segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da mesma a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Designar como membros da Comisión de Valoración para ó Concurso de Traslados correspondente ó ano 2005:

Primeiro.- Presidente/a: A Alcaldesa delega a presidencia da Comisión de Valoración en D. Antonio Coello Bofill. Concelleiro/a delegado de Seguridade, Tráfico.

Suplente:D. Ignacio Lopez Chaves: Concelleiro delegado de Cultura.

Segundo.- Secretario, (con voz e sen voto): Titular: Manuel Xosé Lorenzo Penela /Secretario do Goberno Local.

Suplente: Maria Dapena Gómez/Xefa de Servizo de Persoal.

Terceiro.- Representantes designados polos partidos políticos que compoñen a Corporación són os seguintes:

- Grupo Municipal do Partido Popular/PP: Titular: Maria Soledad Polo Lima.

- Suplente: Jose manuel Couto Pérez.
- Grupo Municipal Socialista/PSOE: Titular: María Luisa Graña Barcia.
- Suplente: Belén Sío Lourido.
- Grupo Municipal BNG: Titular: Maria Méndez Piñeiro.
- Suplente: Henrique Vieitez Alonso.
- Grupo Municipal Partido Galeguista: Titular: Manoel Soto Ferreiro e
- Suplente: Xulio Alonso Vázquez.

Cuarto.- Representantes designados polo Órgano de representación unitaria do persoal con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto:

- Titulares: Jose Luis Romero Falque, Federico Rodriguez Prieto y Raquel Rodriguez Diaz.
- Suplentes: M. Enrique Márquez Losada, Concepción Martínez-Murillo Campos y Santiago Jesús Martínez Pardo.

Quinto: Asesores da Comisión de Valoración, (con voz e sen voto), para os seguintes postos de traballo:

A) Persoal funcionario.

- A.1.-Xefe/a de Negociado da Xunta de Goberno Local.- Titular: José Riesgo Boluda/Secretario Xeral.
- Suplente: Manuel Xosé Lorenzo Penela.
- A.2.-Xefe/a Negociado de Estadística.- Titular: Maria Isabel Ayuso Torres.
- Suplente: Amelia Aragunde Martínez/Xefa de Negociado de Organización.
- A.3.-Xefe/a Negociado de Sanidade.- Titular: Xesús Núñez Torrón/Director do Laboratorio Municipal.
- Suplente: Rocio Lago Carrera/Tca. Analista del Laboratorio.
- A.4.- Xefe/a Negociado Medio Ambiente: Titular: Xesús Núñez Torrón/Director do Laboratorio Municipal.
- Suplente: Gustavo Rodriguez Bartolo/Tco. de Admón Xeral de Medio Ambiente.
- A.5.- Xefe/a de Gastos.- Titular: Juan Ramón González Carnero/Interventor Xeral.
- Suplente: Xefe de Servicios Económicos.
- A.6.- Técnico /a Mantemento Informática.- Titular: Ricardo García Frieiro/Xefe do Servicio de Informática.
- Suplente: Francisco Mourelle González/Tco. de Sistemas.
- A.7.- Xefe/a de Subalternos.- Titular: Maria Dapena Gómez/Xefa do Servicio de Persoal.
- Suplente: Maria Dolores Espiño Collazo/Xefa de Área de Réxime Interior.

B) Persoal Laboral.

- B.1.- Inspector auxiliar de obras.- Titular: Agustin Rodriguez Carballo/Xefe de Servicio de Vías e Obras.
- Suplente: Alvaro Crespo Casal/Coordinador Servicios Municipales.

- B.2.- Oficial Control de Seguridade.- Titular: Juan Comesaña Alén/Xefe de Área de Seguridade, Tráfico e Transportes.
- Suplente: Maria do Carme Pintado García/Xefa do Servicio de Mobilidade e Seguridade.

- B.3.- Xefe de Equipo.- Titular: Santiago Alonso Ferragud/Xerente do Parque Central de Servicios.
- Suplente: Agustin Rodriguez Carballo/Xefe do Servicio de Vías e Obras..

- B.4.- Operador Informática.- Titular: Ricardo Rodriguez Frieiro/Xefe do Servicio de Informática. Suplente: Francisco Mourelle González/Tco. de Sistemas.

- B.5.- Vixiante Instalacións Municipais.- Titular: Beatriz Alonso Asenjo/Aparejadora Servicios de Educación e Muller.
- Suplente: Maria Pilar Diaz Bustamante/Xefa do Servicio de Educación e Muller.

- B.6.- Vixiante en Xeral.- Titular: Rafael Lage Veiga/Xefe do Servicio de Montes, Parques e Xardíns. Suplente: Santiago Alonso Ferragud/Xerente do Parque Central de Servicios.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

39(593).- CONTRATACIÓN DE TRES ORDENANZAS-PORTEIROS E UN ALGUACIL. EXPTE. 16477/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudio.

40(594).- SOLICITUDE DA ENTIDADE DE CRÉDITO IBERCAJA DE AUTORIZACIÓN PARA ACTUAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA RECADACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 6933/540. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 3.07.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á entidade de crédito IBERCAJA, Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Zaragoza, Aragón y Rioja, NIF G-50000652, para a prestación do servizo de colaboración na recadación dos ingresos municipais, con arranxo ó disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento xeral de recadación así como nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva” aprobadas pola Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000, e demais disposicións concordantes e aplicables.

2º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración para a recadación dos ingresos municipais que se xunta no expediente, a subscribir entre a Excm. Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo e o representante da citada entidade de depósito.

41(595).-SOLICITUDE DA ENTIDADE DE CRÉDITO BARCLAYS DE AUTORIZACIÓN PARA ACTUAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA RECADACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 6932/540. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 19.05.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á entidade de crédito BARCLAYS BANK, S.A. N.I.F: A47001946, para a prestación do servizo de colaboración na recadación dos ingresos municipais, con arranxo ó disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento xeral de recadación así como nas “*Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva*” aprobadas pola Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000, e demais disposicións concordantes e aplicables.

2º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración para a recadación dos ingresos municipais que se xunta no expediente, a subscribir entre a Excm. Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo e o representante da citada entidade de depósito.

CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE DEPÓSITO _____ EN MATERIA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA MUNICIPAL

En Vigo, a __ de _____ de dous mil seis,

COMPARECEN

Dunha parte, Dª María Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, e da outra

Don _____ en representación da Entidade de depósito _____,

MANIFESTAN

A. Que de conformidade co establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, corresponde ó Concello de Vigo a recadación das débedas cuxa xestión teña atribuída, e se leva a cabo

polo propio Ente Local, isto é, sen mediar delegación ou fórmula de colaboración algunha con Entidade territorial a cuxa demarcación pertenza.

B. Que o artigo 9 do citado texto Regulamentario dispón que poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas, cos requisitos e co contido a que se refire o artigo 17. Os artigos 17, 18 e 19 da precitada norma regulamentaria regulan o procedemento de ingreso a través de entidades colaboradoras na recadación.

Pola súa parte, a Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000 prestou a súa aprobación ás “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva”, constituíndo estas normas o marco regulador da actividade de colaboración polas entidades de depósito en materia de recadación de ingresos municipais.

C. A Entidade _____, representada por D/D^a. _____, con poder bastante outorgado o día ____ de _____ de _____ ante o notario D/D^a. _____, notario do Ilustre Colexio de _____, ostenta capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio de colaboración, e declara expresamente estar en disposición de presta-lo servizo de colaboración nas condicións establecidas en cada caso pola normativa vixente.

D. Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión que tivo lugar o día _____, adoptou o acordo de autorizar á entidade _____ para presta-lo servizo de colaboración na xestión recadadora municipal.

Ambas partes comparecentes se recoñecen mutuamente competencia e capacidade para concerta-lo presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

1º.- O Excmo. Concello de Vigo e a Entidade _____ conveñen a prestación, por parte da citada entidade de depósito, do servizo de colaboración na recadación municipal dos ingresos cuxa xestión ten atribuída, con arranxo ó disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento Xeral de Recadación, así como nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva” aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 28 de agosto do ano 2000, normas que a citada entidade de depósito manifesta coñecer, así como adherirse ó contido das mesmas.

A prestación do servizo de colaboración en ningún caso será retribuída.

2º.- Os períodos de recadación serán establecidos polo Concello para cada tributo o concepto, e a data límite de aceptación de ingreso por _____ se fará constar no propio documento de cobro, ou ben se comunicará á entidade colaboradora con antelación suficiente á data de inicio do período de recadación correspondente.

_____ admitirá dichos ingresos tódolos días que sexan laborables para a entidade durante o horario de caixa, abonándoos seguidamente na correspondente conta restrinxida.

3º.- En ningún caso poderá admitirse por _____, no desenrolo da xestión recadadora, algunha das seguintes operacións:

A) Os ingresos que se pretendan realizar carecendo do documento cobratorio orixinal expedido para tal fin ou, no seu caso, duplicado expedido polos Servicios municipais correspondentes.

B) Os ingresos que, aínda presentando o documento cobratorio establecido, pretendan efectuarse unha vez finalizada a data límite de aceptación de ingreso pola entidade colaboradora.

C) Os ingresos para cuxo cobro non estén autorizados mediante inclusión expresa no documento de cobro do nome da Entidade Colaboradora.

4º.- Os datos sobre débedas tributarias e demais de toda índole que se deriven da aplicación do presente Convenio, non suporán, en ningún caso, cesión de datos persoais á entidade financeira, en cuanto cos mesmos non se incorporarán ós ficheiros de _____, senón que terán como exclusiva finalidade o seu tratamento automatizado ó obxecto de recadar ou, no seu caso, adebedar, os documentos liquidatorios.

5º.- Na súa calidade de entidade colaboradora, _____ abonará o produto dos ingresos resultantes da recadación diaria na c/c restrinxida aberta a nome da Corporación na propia Entidade de depósito coa denominación “Concello de Vigo. Conta restrinxida de recadación”.

A conta restrinxida será unha conta corrente sen retribución e sen acreditación de ningunha comisión, na que só se poden efectuar anotacións en concepto de abonos e unha única anotación de cargo quincenal para proceder a ingresar o saldo na conta asignada. Non obstante, se poderán efectuar outras anotacións de rectificación debidamente xustificadas, previa autorización da Tesourería municipal.

6º.- A entidade colaboradora admitirá, en todo caso, o diñeiro de curso legal como medio de pago. Así mesmo, poderá aceptar calquera outro medio de pago habitual no tráfico bancario, se ben a admisión de estes medios queda a discreción e resgo da entidade.

Calquera que fose o medio de pago utilizado, en ningún caso correrán por conta do Concello de Vigo os gastos que puideran xerarse pola utilización de medios diferentes ó diñeiro de curso legal. Como consecuencia de ditos gastos non poderán minorarse en ningún caso os importes ingresados.

Comprobada a coincidencia exacta do importe ingresado co que ten que figurar no “total a ingresar” do documento cobratorio, a Entidade procederá a estender no documento destinado ó efecto certificación mecánica por medio de impresión de máquina contable ou manual mediante selo da Entidade, que haberá de expresar, como mínimo: Data de ingreso, total ingresado, concepto, clave da entidade e da oficina receptora, así como que o ingreso se efectuou na correspondente conta restrinxida.

O abono na conta restrinxida do Concello deberá efectuarse na mesma data na que se produza o ingreso na Entidade.

7º.- Quincenalmente, o sétimo dos días hábiles posteriores ós días 5 y 20 de cada mes, ou inmediato hábil posterior se estes foran festivos, se procederá a traspasa-los saldos resultantes da recadación efectuada na quincena inmediatamente anterior existente na conta restrinxida á conta designada polo Concello de Vigo.

Efectuado o ingreso, dentro dos cinco días hábiles seguintes á data do traspaso, se facilitará un ficheiro informático co detalle individualizado de tódolos tributos ou gravames recadados no que se especificarán, como mínimo, data de cobro, importe, identificación do concepto e referencia do recibo ou liquidación ingresados, así como número de recibos e importe total do recadado en cada quincena.

O procedemento, así como a información, mediante soporte magnético, relativa ós cobros efectuados, se axustará ás especificacións do Caderno 60 do Consello Superior Bancario (Recadación de tributos e outros ingresos municipais). En todo caso, a Entidade financeira se compromete a entregar a documentación citada, compatible co equipo informático que indique o Concello de Vigo.

Os efectos previstos no parágrafo primeiro de este punto (traspaso ou barrido automático de conta restrinxida a conta operativa), poderán establecerse períodos temporais de duración inferior á quincena en cuxo caso estableceranse os mecanismos de intercomunicación precisos para garanti-lo intercambio de información con tal periodicidade. Así mesmo, poderán establecerse períodos de comunicación da información inferiores ós períodos de liquidación.

Cando a información contida nos documentos de cobro non sexa susceptible de ser incorporada a un ficheiro informático para o seu tratamento normalizado, por tratarse de documentos non normalizados relativos a liquidacións de ingreso único ou autoliquidacións, o intercambio de información se realizará en soporte papel, debendo remiti-la entidade financeira un exemplar de cada un dos documentos de ingreso correspondentes a esta modalidade de exacción.

8º.- A entidade _____ non repercutirá gasto algún ó Concello de Vigo que puidera derivarse da aplicación do presente Convenio, asumindo directamente a totalidade dos costes do proceso.

9º.- O presente Convenio terá vixencia durante o exercicio 2006, renovándose tacitamente, por períodos de carácter anual, de non mediar denuncia ou modificación por algunha das partes outorgantes cunha antelación mínima de tres meses de antelación o seu vencemento, todo isto sen perxuízo dos supostos de revocación da autorización previstos nas normas que resulten de aplicación.

OUTORGAMENTO

Para a debida constancia de todo o convido, se firma o presente Convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó principio mencionados.

42(596).- APROBACIÓN TÉCNICA DO MODIFICADO DO PROXECTO DE SANEAMENTO DO RURAL DE VIGO- PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 198/443.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudio.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

43(5977).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FAMILIA E INFANCIA. EXPTE. 14655/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 16.05.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar prórroga do contrato en vigor do servio de Familia e Infancia, do cal é adjudicataria a empresa “Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.” por un prazo máximo de tres meses a partir do 1 de xuño próximo, nas mesmas condicións dos pregos administrativos e particulares do contrato en vigor.

2º.- Aprobar gasto por importe total de CENTO SEIS MIL SEISCENTOS VINTECINCO MIL EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS (106.625,25) EUROS, IVE engadido, a favor de Gabinete de Traballo Social Grupo 5, S.L.con cargo ó funcional 3130 –Benestar Social-, partida 2260806–Programa de infancia e familia- do exercicio económico 2006, e de non ser suficiente a dotación da mesma, deberá recorrerse á bolsa de vinculación.

44(598).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e corenta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.